

RDL 5/2023 de 28 de xuño¹

NOVIDADES EN CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

PERMISOS RETRIBUÍDOS	5 DÍAS	Por accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización pero que precise repouso (ata 2º grao de consanguinidade e conviventes)
	4 DÍAS AO ANO	Por causa de forza maior, cando sexa necesario por motivos familiares urxentes ou imprevisibles (pode ser por horas)
	PARELLAS DE FEITO	Amplíase o permiso de 15 días por matrimonio ao rexistro de parellas de feito
PERMISOS NON RETRIBUÍDOS	8 SEMANAS	Por coidado de fillas ou fillos a cargo. Pódese gozar de maneira continua ou descontinua e a tempo completo ou parcial
	REDUCCIÓN DE XORNADA	Amplíase para o coidado directo dun familiar ata 2º grao de consanguinidade
	ADAPTACIÓN DE XORNADA	Amplíase para o coidado de dependentes a cargo (fillas/os maiores de 12 anos, cónxuxe ou parella de feito, familiares por consanguinidade ata o 2º grao e persoas conviventes, cando non poidan valerse por si mesmas)

Ademais, amplíase a protección fronte ao trato discriminatorio das persoas traballadoras que se acollan a estes permisos.

O Gabinete de Igualdade ampliará esta información nun resumo detallado destas modificacións que incorpora o RDL ao Estatuto das Persoas Traballadoras.

¹ Permisos vixentes desde o 30 de xuño de 2023.

RDL 5/2023 de 28 de xuño¹
NOVIDADES EN CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE
(Modificacións ao Estatuto Básico do Empregado Público)

PERMISOS RETRIBUÍDOS	5 DÍAS	Por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario de cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva co funcionario ou funcionaria no mesmo domicilio e que requira o seu coidado efectivo.
	4 DÍAS	Cando se trate de accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario, dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
	8 SEMANAS	Por coidado de fillas ou fillos a cargo. Pódese gozar de maneira continua ou descontinua e a tempo completo ou parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e conforme os termos que regulamentariamente se establezan.
	PARELLAS DE FEITO	Amplíase o permiso de 15 días por matrimonio ao rexistro de parellas de feito

O Gabinete de Igualdade ampliará esta información nun resumo detallado destas modificacións que incorpora o RDL ao Estatuto das Persoas Traballadoras.

¹ Permisos vixentes desde o 30 de xuño de 2023.